



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA REGULADORA DA OCUPACIÓN TEMPORAL DE TERRAZAS DO CONCELLO DA GUARDA

OBXECTO

1.- O obxecto desta ordenanza é a regulación das terrazas en solo público do Concello de A Guarda, sen prexuízo neste caso da competencia que poidan ter outras administracións en terreos de dominio público propio sitios neste Concello.

2.- Entenderase por ocupación de terrazas a colocación de cadeiras, mesas, parasoles e toldos, así como xardineiras, e calquera outra instalación de carácter desmontable-en liña de fachada, fronte o establecemento, (ou en liña oblicua) con adicación ó mesmo servizo que o propio establecemento e carecendo de barra exterior.

Exténdese esta ocupación os bares, cafeterías, discotecas , pubs, xaderías, restaurantes e, en xeral, a establecementos clasificados, sempre con axuste no horario ó establecido para bares-cafeterías.

3.- Exclúense da aplicación desta ordenanza os actos de ocupación de vía pública de actividades de hostelería que se realicen con ocasión de feiras, festas, actividades deportivas ou similares.

XESTIÓN

4.- A ocupación a que se refire a presente ordenanza outorgarase por períodos anuais na forma que se establece no artigo 7.

As modificacións das condicións de licencia obriga necesariamente a un novo trámite de solicitude e , no seu caso, concesión.

5.- Será ó competente para conceder as licencias o Alcalde ou órgano en que delegue.

6.- As licencias outorgaranse en precario, deixando a salvo o dereito de propiedade e sendo revocabes por razón de interese público en calquera momento, sen que isto orixine dereito indemnizatorio algún.

7.- Poderán solicitar licencia de ocupación para terrazas os titulares de licencias vixentes dos establecementos anexos ós terreos sobre os que se solicita a ocupación.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

As renovacións consistirán en realizar a autoliquidación ñas oficinas de xestión tributaria no período que anualmente se estableza.

A superficie de ocupación será determinada na concesión tendo en conta a solicitude e as características do lugar solicitado. Establecéndose como criterio a lonxitude de fachada do propio establecemento e os espazos laterais si estiveran baleiros. Neste caso nunca se concedería terraza máis que polo dobre da lonxitude da fachada. Si concorrera outra solicitude coa mesma pretensión sobre un terreo baleiro, esta superficie valeira outorgarse ó 50%. En superficies susceptibles de ser ocupadas e que non correspondan a fronte de ningún establecemento outorgarse a aquel que estea máis cercano e, concorrendo dous ou máis ñas mesmas circunstancias, terá prioridade aquel que o solicitara antes.

O suposto anterior ten como excepción que ninguén poderá solicitar terreos que non estean fronte o seu establecemento si conta xa con superficie para montar terraza no mesmo fronte.

Os efectos deste artigo non se considerará espazo baleiro a existencia dun escaparate. Neste caso a ocupación requirirá autorización do titular do establecemento.

8.- As solicitudes de licenzia faranse anualmente nos meses de xaneiro e febreiro no rexistro do Concello, tendo que ser resoltas na primeira quincena de marzo.

As licenzias son concedidas ó titular do establecemento con este carácter, de xeito que quedan afectas á actividade que no momento da solicitude teña o local para a que foi pedida. En caso de cambio de titularidade a licenzia continuará vixente, pero con obriga de comunicar por escrito este feito.

Non se admitirá o subarrendó, cesión a terceiros ou calquera tipo de negocio xurídico da licenzia que implique o aproveitamento desta concesión por persoa distinta do solicitante, salvo o previsto no parágrafo anterior.

Admitiranse solicitudes fora deste prazo no caso de que o solicitante inicie a actividade con posterioridade ó mes de febreiro, pero a súa solicitude por esa tempada estará limitada á lonxitude da fachada do seu establecemento e non terá dereito a concorrer con outros solicitantes ou concesionarios a terreos baleiros segundo o artigo 7 desta ordenanza, nin poderá dañar tampouco dereitos xa adquiridos.

9.- De conformidade co artigo 3, a licenzia terá carácter anual e establécese o período de ocupación de xuño a setembro. Este cuadrimestre da dereito a instalación de terraza (excepto cando ésta conste de elementos fixos) en Semana Santa así como o resto do ano no que a climatoloxía o permita e así o desexen os titulares.

10.- As solicitudes dirixiranse ó Alcalde- Presidente e nelas incluírase:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- a) xustificación de ser titular da explotación do establecemento.
- b) plano no que se reflicta a superficie solicitada.
- c) mobiliario que se pretende colocar.

As licencias outorgaranse de conformidade co solicitado, e previo informe da Policía Municipal. A falsidade nos datos da solicitude ou a non concordancia posterior levará consigo a sanción correspondente. Os servicios do Concello poderán xirar visita en calquera momento para comprobar a situación das terrazas, informando das irregularidades que existan.

A utilización do solo requirirá o pago previo da taxa segundo establece a ordenanza correspondente.

No caso de renovación, a comunicación da mesma levará consigo o importe actualizado da taxa para a instalación de terraza no período correspondente.

Non se admite fraccionamento de duración inferior á mensual, e as solicitudes fora do prazo ordinario que recolle a presente ordenanza non levan consigo redución do importe establecido con carácter xeral. A renuncia ou non uso do solo non da dereito a devolución.

11.- Finalizado o período anual a licencia quedará sen efecto, podendo os titulares da anualidade anterior solicitar unha renovación.

CONDICIÓNS DA OCUPACIÓN

12.- A ocupación de terreos públicos por terraza deberá cumprir os requisitos seguintes:

- a.- O espacio que ocupen non poderá interromper ou obstaculizar o acceso a portales ou a locais e paradas de transporte público.
- b.- As instalacións ñas beirarrúas deberán posibilitar o paso peonil pola zona máis próxima ás edificacións, establecéndose un ancho mínimo de 1,20 mts a este fin. Nos casos en que as solicitudes impidan a existencia desta anchura mínima poderase habilitar unha zona na propia rúa -sempre que as circunstancias o posibiliten- cunha plataforma de madeira, a nivel de beirarrúa; única e exclusivamente para a instalación de terrazas e nunca para o paso de persoas. En zonas pliadadas, no que exista unha soa terraza e se precise delimitar ou por motivos de seguridade se requiran, os servicios municipais poderán autorizar, previo informe, a instalación de elementos con este fin.
- c.- Deberá deixarse completamente libre de forma inmediata o espacio a requirimento da autoridade municipal, se fora requirido para iso.

DEREITOS E OBRIGAS

13.- O titular da licencia terá dereito a exercer as actividades no termos da respectiva licencia con suxeición ás prescricións establecidas na presente ordenanza e demais preceptos legáis aplicables.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

14.- Os titulares da licencia de terrazas deberán manter esta e cada un dos elementos que a componen ñas condicións de ornato, limpeza e seguridade precisas. Esta obrigatoriedade de manter limpo o lugar no que desenvolven a súa actividade máis o seu contorno lie incumben aos titulares de cafés, bares e demais establecementos en canto a superficie que ocupen con mesas , cadeiras ou outros elementos, así como en canto a beirarrúa ou espazo público circundante.

15.- Queda prohibido almacenar ou apilar produtos ou materiais xunto as terrazas, así como residuos propios da instalación.

16.- Os titulares das licencias teñen a obriga de retirar e agrupar, á finalización de cada xornada, os elementos instalados.

17.- Deberá figurar en sitio visible a lista de prezos e demais autorizacións precisas , así coma os horarios.

A cartelería e a súa rotulación deberá ser estética, en consonancia eos propios elementos da terraza.

INSPECCIÓN E SANCIÓNS

18.- O Alcalde-Presidente ou órgano que teña atribuída a competencia de outorgar licencia de ocupación para terrazas, será tamén competente para controlar o exacto cumprimento das normas establecidas na presente ordenanza e demais disposicións aplicables, así coma a imposición das sancións, previa instrución do oportuno expediente sancionador.

19.- As infraccións das normas contidas na presente ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- son faltas leves

O incumprimento do horario.

2.- Son faltas graves:

a.- A reiteración de dúas faltas leves.

b.- A ocupación de maior superficie da autorizada.

c.- A falta de exhibición da lista de prezos.

d.- A colocación de envases ou calquera tipo de mercancía ou elemento fora do recinto do establecemento.

e.- O incumprimento de manter a terraza ñas condicións de ornato, limpeza e seguridade.

f.- O engaño conforme o artigo 10.

3.- Son faltas moi graves

a.- A reiteración de dúas faltas graves.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- b.- A desobediencia ós lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades.
- c.- Non retirar as instalacións rematado o período, ou cando He fose requirido por autoridade competente.
- d.- A instalación de elementos non autorizados.
- e.- A instalación de terrazas sen licencia.

20.- Sancións

- a.- As faltas leves sanciónanse con multa ata 60 euros.
- b.- As faltas graves con multa de 61 ata 90 euros.
- c.- As faltas moi graves con multa de 91 a 150 euros e levan parella a revocación da licencia no caso de terse concedida ou a facultade de solicitala durante dúas anualidades no suposto da letra e do artigo anterior.

21.- A aplicación de sancións que se establecen no artigo anterior, atenderán ó grao de culpabilidade, perigosidade, reincidencia e demais circunstancias que concorran.

22.- No caso de destrución ou deterioro do dominio público ocasionado como consecuencia da ocupación, e con independencia das sancións que se establezan, os titulares das licencias quedan obrigados á reparación dos desperfectos ou, no seu caso, de aboar a contía dos mesmos fixada polo informe dos servicios competentes do Concello.

23.- Será de aplicación para a sanción e esixencia de responsabilidade en materia de sanidade e consumo as normas que regulan esta materia na Comunidade autónoma de Galicia.

24.- A presente Ordenanza non será de aplicación as terrazas que se instalen única e exclusivamente durante a celebración de festas populares, delegándose na Comisión de Festas correspondente a súa xestión e cobranza.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A presente Ordenanza, unha vez entre en vigor, derogará a anterior regulación municipal existente na materia.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor e será de aplicación o día seguinte da súa publicación no BOP, despois das úa aprobación definitiva.